

# Facultade de Química

## Plan estratéxico

### 2024-2026



Versión	Unidade/Órgano	Data
V.1. Proposta inicial	Comisión de Calidade do Centro	26/11/2024
	Informe conforme da SCVTI	04/12/2024
V.2. Aprobado	Xunta de Facultade	15/01/2025
V. Final	Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno	

# Plan estratéxico

## 2024-2026

## Facultade de Química

### Índice

<b>1.- Introducción ao Plan Estratégico (PE)</b>	<b>5</b>
<b>2.- Diagnóstico da situación actual</b>	<b>6</b>
2.1- Historia da Facultade de Química	6
2.2- Catálogo actual de titulacións	6
2.3- Grupos de Investigación actuais	7
2.4- Sistema de Garantía de Calidade	8
<b>3.- Misión, visión e valores da Facultade de Química</b>	<b>10</b>
3.1.- Misión	10
3.2.- Visión	10
3.3.- Valores	10
<b>4.- Liñas estratéxicas da Facultade de Química</b>	<b>12</b>
4.1.- Introducción ás liñas estratéxicas	12
4.2.- Xustificación das liñas estratéxicas	13
4.2.1.- Liña Estratéxica 1. Estudantado e Comunidade Universitaria.	13
4.2.2.- Liña Estratéxica 2. Formación e Docencia no novo contexto.	14
4.2.3.- Liña Estratéxica 3. Retos na Política de Persoal	15
4.2.4.- Liña Estratéxica 4. Investigación e Innovación como motor de desenvolvemento sostible.	15
4.2.5.- Liña Estratéxica 5. Internacionalización.	16
<b>5.- Diagnose estratéxica da Facultade de Química</b>	<b>17</b>
5.1.- Liña Estratéxica 1. Estudantado e Comunidade Universitaria.	17
5.1.1.- Análise DAFO	17
5.1.2.- Análise CAME	18
5.2.- Liña Estratéxica 2. Formación e Docencia no novo contexto.	19
5.2.1.- Análise DAFO	19
5.2.2.- Análise CAME	20

5.3.- Liña Estratégica 3. Retos na Política de Persoal	22
5.3.1.- Análise DAFO	22
5.3.2.- Análise CAME	23
5.4.- Liña Estratégica 4. Investigación e Innovación como motor de desenvolvemento sostible.	25
5.4.1.- Análise DAFO	25
5.4.2.- Análise CAME	26
5.5.- Liña Estratégica 5. Internacionalización	28
5.5.1.- Análise DAFO	28
4.5.2.- Análise CAME	29
<b>6.- Obxectivos Estratégicos da Facultade de Química</b>	<b>31</b>
6.1.- Introducción aos obxectivos estratéxicos. Cadro de mando	31
6.2.- Liña Estratégica 1. Estudantado e Comunidade Universitaria	35
6.2.1.- Obxectivo Estratégico 1.1. Incrementar a participación estudantil nas actividades extracurriculares e profesionais, promovendo o uso da lingua galega en comunicacións científicas.	35
6.1.2.- Obxectivo Estratégico 1.2. Fortalecer a preparación profesional do alumnado mediante actividades orientadas á empregabilidade e ás competencias dixitais.	36
6.3.- Liña Estratégica 2. Formación e docencia no novo contexto.	37
6.3.1.- Obxectivo Estratégico 2.1. Integrar gradualmente os contidos éticos e o Código Europeo de Conduta EuCheMS nas materias do Grao e Máster.	37
6.3.2.- Obxectivo Estratégico 2.2. Reforzar as competencias de comunicación en inglés do alumnado a través de actividades formativas e avaliacións.	38
6.3.3.- Obxectivo Estratégico 2.3. Mellorar as taxas de rendemento e a participación en enquisas de satisfacción.	39
6.4.- Liña Estratégica 3. Retos na Política de Persoal.	40
6.4.1.- Obxectivo Estratégico 3.1. Mellorar o recoñecemento e apoio ao profesorado na titoría de TFG e TFM.	40
6.4.2.- Obxectivo Estratégico 3.2. Fomentar a formación continua e a mellora das competencias do PDI en docencia e investigación	41
6.5.- Liña Estratégica 4. Investigación e Innovación como motor de desenvolvemento sostible	42
6.5.1.- Obxectivo Estratégico 4.1. Ampliar a captación de fondos e facilitar o acceso	

a proxectos de investigación para todos os grupos da Facultade.	42
6.5.2.- Obxectivo Estratégico 4.2. Fomentar a colaboración intergrupar e o uso compartido de infraestruturas para potenciar a investigación en áreas emerxentes e sostibles.	44
6.6.- Liña Estratégica 5. Internacionalización.	46
6.6.1.- Obxectivo Estratégico 5.1. Ampliar a oferta académica en inglés e mellorar a captación de estudantes internacionais	46
6.6.2.- Obxectivo Estratégico 5.2. Fortalecer a colaboración con universidades portuguesas e iberoamericanas promover novos programas de dobre titulación.	47
<b>7.- Desenvolvemento do Plan Estratégico (PE) da Facultade de Química</b>	<b>48</b>
7.1.- Comisión ou grupo de traballo responsable da elaboración do PE.	48
7.2.- Participación dos grupos de interese na elaboración do PEC.	48

## 1.- Introducción ao Plan Estratégico (PE)

O presente documento constitúe o Plan Estratégico da Facultade de Química da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o período 2024-2026.

O plan estratéxico anterior ([PE 2019-20](#)) foi aprobado polo Consello de Goberno da USC o 15 de xullo de 2019. A prórroga deste plan ([PPE 2020-22](#)) foi aprobada polo Consello de Goberno da USC o 3 de marzo de 2021. A planificación estratéxica baseábase en seis liñas estratéxicas e 26 obxectivos de calidade, tanto a nivel de centro como específicos das titulacións impartidas. Na Memoria de Calidade do Centro do curso 2021-22 ([MC 2021-22](#)) recollíase o grao de execución das accións propostas, indicando un alto grao de cumprimento, superior ao 90% dos obxectivos estratéxicos propostos.

O presente plan estratéxico foi elaborado de acordo co proceso PE-01 Planificación Estratéxica. A posta en marcha do proceso de elaboración foi iniciada pola Comisión de Calidade do Centro (CCC) o 28 de xuño de 2024. O 5 de novembro de 2024 foi nomeado o grupo de traballo que preparou a versión inicial do PE. A proposta inicial do Plan foi aprobada pola CCC o 26 de novembro de 2024. Esta proposta inicial foi enviada a Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización que emitiu un informe conforme o 4 de decembro de 2024. Entre o 27 de novembro e o 8 de xaneiro de 2025 púxose a exposición pública para asegurar a participación de todos os grupos de interese (proceso PS-06, Información pública). A Xunta de Facultade aprobou a segunda versión revisada do PE o 15 de xaneiro de 2025. A aprobación final do Plan Estratégico foi realizada pola Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno o **XXXX de 2025**.

Neste documento se avalía a situación actual da Facultade e se fai unha perspectiva da situación futura nas liñas estratéxicas escollidas. As liñas estratéxicas que se definen e os obxectivos que as desenvolven están en liña co [Plan Estratégico 2024-26 da USC](#).

## 2.- Diagnóstico da situación actual

### 2.1- Historia da Facultade de Química

A Facultade de Ciencias, creada en 1922 coa única sección de Química, ofrecía inicialmente un plan de estudos de catro cursos na sede da Facultade de Filosofía e Letras, no centro histórico de Santiago de Compostela. Ao longo do século XX, a Facultade foi ampliando as súas áreas de coñecemento coa creación das seccións de Matemáticas (1957-58), Bioloxía (1966-67) e Física (1976-77).

En 1960, a Facultade de Ciencias trasladouse ao edificio actual, deseñado polo arquitecto Jenaro de la Fuente. Posteriormente, en 1977, acordouse a súa reorganización nas Facultades de Química, Bioloxía e Matemáticas. En 1981, fundouse tamén a Facultade de Física. Mentres as novas facultades trasladábanse ás súas actuais localizacións entre 1982 e 1986, a Facultade de Química permaneceu no edificio orixinal.

Dende o primeiro plan de estudos de 1922, a titulación en Química tivo nove plans de estudos diferentes, cunha duración de entre catro e cinco cursos. O plan de estudos actual, implantado no curso 2010-11, foi adaptado conforme á Lei Orgánica de Universidades 4/2007, do 12 de abril.




Figura. Cronograma

### 2.2- Catálogo actual de titulacións

A Facultade de Química oferta cinco titulacións:

- ✳ Grao en Química.
- ✳ Máster en Investigación Química e Química Industrial (interuniversitario).
- ✳ Máster en Química Orgánica (interuniversitario).
- ✳ Máster en Química na Fronteira entre a Bioloxía e a Ciencia de Materiais.
- ✳ Máster en Química Teórica e Modelización Computacional (interuniversitario, en extinción).

Os títulos están coordinados pola USC, con excepción do Máster U. en Química Teórica e Modelización Computacional que está coordinado pola Universidade Autónoma de Madrid.

Todos os títulos impartidos están acreditados, ao dispoñer a Facultade da acreditación institucional ata outubro de 2028.

O Máster en Química na Fronteira entre a Bioloxía e a Ciencia de Materiais ten recoñecido o carácter singular no Sistema Universitario de Galicia pola Xunta de Galicia.

O Máster en Química Orgánica ten recoñecida a mención de Máster Universitario Excelente de la Xunta de Galicia ata 2028.

O Grao en Química conta co selo internacional de calidade EUROLABEL®, que avala que o seu programa formativo cumpre cos estándares internacionais establecidos por académicos e profesionais do sector. Ademais, o Grao en Química incorpora un itinerario docente en inglés.

A opción de cursar simultaneamente o Grao en Química co Grao en Bioloxía, ou co Grao en Física, permite ao alumnado a obtención de dúas titulacións en seis e cinco cursos, respectivamente.

### 2.3- Grupos de Investigación actuais

- ❖ Cartografía de solos e paisaxe, físico-química, degradación e recuperación de solos e augas (GI-1245).
- ❖ Catálise Organometálica (GI-1603).
- ❖ Catálise Organometálica e Materiais Moleculares Orgánicos (GI-1595).
- ❖ Cromatografía e Quimiometría (GI-1626).
- ❖ Descubrimiento e síntese de fármacos (GI-1597).
- ❖ Deseño, síntese e avaliación médica de compostos bioactivos e novos materiais (GI-2105).
- ❖ Elementos Traza, Espectroscopía e Especiación (GI-1622).
- ❖ Inhibidores Enzimáticos e Ferramentas Químicas en Bioloxía (GI-2155).
- ❖ Laboratorio de Investigación e Desenvolvemento de Solucións Analíticas (GI-2085).
- ❖ Magnetismo e Nanotecnoloxía (GI-1470).
- ❖ Materia Condensada & Materiais Funcionais (GI-2170).
- ❖ Mecanismos moleculares da enfermidade (GI-2119).
- ❖ Nanoferramentas para Aplicacións Biomédicas (GI-2197).
- ❖ Nanomateriais e Moléculas Bioactivas (GI-1608).
- ❖ Química analítica, Automatización, Simplificación, Medios Biolóxicos e Medio Ambiente

(GI-1828).

- ❖ Química analítica de compostos de interese alimentario, medioambiental e biolóxico (GI-2113).
- ❖ Química Biofísica, Fotofísica e Espectroscopía (GI-1586).
- ❖ Química Bioinorgánica e Supramolecular (GI-1584).
- ❖ Química Biolóxica e Supramolecular (GI-1611).
- ❖ Química de coordinación e supramolecular (GI-2126).
- ❖ Química de Sistemas e Química Funcional Supramolecular (GI-2202).
- ❖ Química Macrocíclica e Organometálica (GI-1581)
- ❖ Química teórica e computacional (GI-1905).
- ❖ Reactividade e Catálise (GI-1935).
- ❖ Sistemas supramoleculares, nanobiomimética e biofísica molecular (GI-2132).

#### 2.4- Sistema de Garantía de Calidade

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) busca propiciar a mellora continua da Facultade de Química, permitíndolle alcanzar niveis de calidade que faciliten a acreditación e renovación dos títulos que se imparten nela.

O SGC marco da USC deseñouse seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica (ANECA e ACSUG) e estaba articulado inicialmente en 7 directrices de acordo co programa FIDES-AUDIT pasando a distribuírse en 6 directrices na súa última versión, que dan resposta aos criterios e directrices europeos para a garantía da calidade (ESG).

A USC aprobou o primeiro sistema marco en decembro de 2009, e foi simplificado posteriormente no ano 2013. Despois de 5 anos de vixencia, en febreiro de 2018 a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno aprobou unha modificación do sistema consistente nunha simplificación da documentación que busca a implantación efectiva e eficaz nos centros e a creación dun nivel institucional que asegure os criterios e directrices europeos naqueles ámbitos de decisión que recaen na institución.

A Facultade de Química adaptou esta documentación e aprobou as versións revisadas do Manual do SGC da Facultade de Química e o Manual de Procesos da Facultade de Química na Xunta de Facultade o 30 de setembro de 2021. O Consello de Goberno da USC aprobou, na sesión do día 6 de outubro de 2021, a citada documentación.



En 2023 actualizouse novamente o Manual SGC para adaptalo ao “*Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC*” (Aprobado no Consello de Goberno do 28 de outubro de 2022, Data de publicación no DOG 22 de decembro de 2022). Esta modificación aprobouse en Xunta de Facultade o 9 de novembro de 2023 e en Comisión de Planificación e Calidade da USC o 22 de abril de 2024. A versión vixente do manual está dispoñible na ligazón Manual SGC e na páxina principal de [Documentación do SGC](#) da web da Facultade de Química.

O Grao en Química conta co Selo Internacional de Calidade EUROBACHELOR®, que avala que o seu programa formativo cumpre cos estándares internacionais establecidos por académicos e profesionais do sector. O período polo que se concedeu o selo é dende o 3 de maio de 2023 ata o 3 de maio de 2029. O informe final da ANECA está dispoñible na web de calidade da Facultade no seguinte enlace: [Eurolabel: Informe final da ANECA](#).

O Real decreto 640/2021, do 27 de xullo, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios, e acreditación institucional de centros universitarios establece no artigo 14 o procedemento para a acreditación institucional dos centros das universidades públicas e privadas. Os requisitos concrétnanse na Resolución do 3 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral de Universidades. A Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) aprobou, na súa reunión do 17 de xuño de 2018, o “Procedemento para a acreditación institucional de centros das universidades do SUG” e nomeou, para tal fin, a Comisión de avaliación para a Acreditación Institucional (CAI). A CAI emitiu un Informe de Avaliación Favorable para a Acreditación Institucional da Facultade de Química da Universidade de Santiago de Compostela, unha vez comprobado que:

- ✓ A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) tiña certificado a implantación do Sistema de Garantía de Calidade do centro Facultade de Química o día 11 de outubro de 2022. Esta certificación ten validez ata 2027.
- ✓ O centro, Facultade de Química, renovou a acreditación inicial de polo menos a metade dos títulos oficiais de Grao e Máster que imparte e coordina, de acordo co Rexistro de Universidades, Centros e Títulos do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

A Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación, na reunión celebrada o 20 de xuño de 2023, acordou ratificar o Informe Favorable de avaliación para a Acreditación Institucional da Facultade de Química, válida ata o 17/10/2028.

### 3.- Misión, visión e valores da Facultade de Química

#### 3.1.- Misión




A Facultade de Química da Universidade de Santiago de Compostela é unha institución de educación superior que contribúe ao avance da sociedade a través da formación de profesionais en química altamente cualificados, e do desenvolvemento de investigación e innovación de excelencia. Mediante un enfoque socialmente responsable e comprometido co contorno galego, a Facultade céntrase na xeración, transferencia e difusión do coñecemento químico, con especial atención aos retos medioambientais e á sustentabilidade. Traballamos para garantir unha formación científica rigorosa e integral que dote ao estudiantado das competencias necesarias para afrontar os desafíos científicos, tecnolóxicos e éticos da sociedade actual.

#### 3.2- Visión

A Facultade de Química aspira a ser recoñecida como un centro de referencia internacional en educación e investigación en química, ao servizo dunha sociedade que demanda innovación sostible e impacto positivo na economía circular. Queremos destacar pola nosa oferta académica innovadora, pola capacitación lingüística e ética do noso estudiantado, así como pola alta calidade da nosa investigación, capaz de responder ás necesidades da sociedade galega e global. Proxectámonos como unha Facultade aberta e participativa, gobernada mediante a colaboración entre toda a comunidade educativa e orientada cara a mellorar o benestar social e cultural a través da ciencia.

#### 3.3- Valores

A Facultade de Química identifica como eixes fundamentais da súa actividade os seguintes valores, en consonancia coa USC:

- 
Integridade e compromiso ético: Defendemos o cumprimento dos principios éticos e de integridade científica, tanto na docencia como na investigación, promovendo a transparencia, a responsabilidade social e a honestidade en cada proxecto.
- 
Excelencia académica e investigadora: Apostamos por unha docencia e investigación de calidade, co obxectivo de formar profesionais e investigadores competentes, capaces de contribuír ao desenvolvemento científico e tecnolóxico.
- 
Sustentabilidade e respecto polo medio: Promovemos unha química que poña no centro o respecto polo medio ambiente e a sustentabilidade, orientando as nosas actividades cara a minimización de impactos ambientais e o fomento da economía circular.

- ✚ Igualdade e inclusión: Comprometémonos coa igualdade de oportunidades, a inclusión e o respecto pola diversidade, promovendo un ambiente de traballo seguro e igualitario, libre de discriminacións.
- ✚ Compromiso coa cultura e lingua galega: Fomentamos o uso da lingua e a cultura galega como elementos enriquecedores do ámbito científico, preservando a nosa identidade cultural e respectando a pluralidade de expresións.
- ✚ Colaboración e participación: Cremos no traballo en equipo, o diálogo e a participación de toda a comunidade educativa, promovendo a confianza e a cooperación como base do noso proxecto universitario compartido.

## 4.- Liñas estratéxicas da Facultade de Química.

### 4.1. Introducción ás Liñas Estratéxicas.

O Plan Estratégico da Facultade de Química 2024-26 está integrado por cinco liñas estratéxicas (LE) definidas en consonancia co Plan Estratégico da USC, e coa Guía para a elaboración do Plan Estratégico de Centro 2024-26, elaborada pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización. As liñas propostas están de acordo coas necesidades e expectativas dos grupos de interese tal e como establece o proceso PE-01 Planificación Estratégica do [Manual de Procesos](#) do SGC da Facultade de Química. A seguinte táboa mostra a correlación entre Liñas estratéxicas da USC (LE) e Liñas estratéxicas do Centro (LEFQ).

Liñas Estratéxicas da USC	Liñas Estratéxicas da Facultade de Química
LE1 – O estudantado e a comunidade universitaria	LEFQ1 – Estudantado e comunidade universitaria
LE2 – A Formación e a docencia no novo contexto	LEFQ2 – Formación e docencia no novo contexto
LE3 – Os Retos na política de persoal	LEFQ3 – Retos na política de persoal
LE4 – A Investigación e a innovación como motor do desenvolvemento sostible e o benestar	LEFQ4 – Investigación e innovación como motor de desenvolvemento sostible
LE5 – A Senda da internacionalización	LEFQ5 – Internacionalización
LE6 – A Procura de infraestruturas ecoeficientes	
LE7 – A USC na era da transformación dixital	
LE8 – A xestión eficiente dos recursos	

A Facultade de Química considera que todas as liñas propostas pola USC son relevantes, pero na súa planificación actual considera prioritarias as cinco primeiras. A continuación, explícanse brevemente os motivos desta elección. No que respecta á primeira liña (LE1), o estudantado é o núcleo da Facultade de Química. A participación activa na vida académica e profesional é esencial para o seu desenvolvemento integral. Programas como "Química Activa" e "Reactiva a túa Química" ofrecen actividades extra-curriculares que fomentan a comunicación científica e a preparación para o mundo laboral. A liña número 2 se refire á docencia. A Facultade adapta constantemente a súa docencia ás novas esixencias científicas e laborais. A acreditación institucional e o Selo Internacional de Calidade EUROBACHELOR® garanten unha formación de calidade. É crucial analizar e mellorar as taxas de rendemento e éxito, así como fomentar a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción. No que respecta á política de persoal (LE3), o centro conta cun corpo docente e investigador altamente cualificado, pero enfróntase a retos como o envellecemento do persoal e a falta de incentivos. É importante promover a formación continua, a perspectiva de xénero e mellorar as condicións laborais para

atraer novo talento. No que respecta ao ámbito investigador (LE4) salientar que a investigación é fundamental na Facultade, con grupos recoñecidos a nivel nacional e internacional. É necesario abordar retos como a modernización das infraestruturas e a captación de financiamento. Por último a liña estratéxica LE5 é importante porque a internacionalización aumenta a visibilidade e o prestixio da Facultade. A oferta de programas formativos e a participación en redes internacionais de investigación fomentan a mobilidade e a colaboración. É esencial ampliar a docencia en inglés e fortalecer os lazos con universidades estranxeiras, especialmente portuguesas.

As restantes liñas estratéxicas da USC (LE6, LE7 e LE8) poderán ser abordadas nos próximos plans estratéxicos. No relativo a infraestruturas (Procura de infraestruturas ecoeficientes, LE6), a USC está actualmente executando a primeira fase da reforma do edificio da Facultade, o que resultará nunha mellora significativa das infraestruturas docentes. No próximo plan estratéxico, poderanse propoñer melloras nas infraestruturas dedicadas á investigación e continuar avanzando nas seguintes fases de mellora das infraestruturas docentes. A liña 7 da USC (A USC na era da transformación dixital) indicar que a Facultade de Química leva traballando os últimos dez anos nesta transformación dixital. A xestión documental interna é actualmente 100% dixital e 0% en papel. O ciclo de mellora aplícase ademais á xestión dos procesos e procedementos internos do centro. Nos próximos plans estratéxicos, poderanse propoñer accións para potenciar a cultura da seguridade da información e da ciberseguridade de todo o persoal e estudantado do centro. Para finalizar indicar que a liña LE8 (A xestión eficiente dos recursos) é competencia, en gran parte, do goberno da universidade. Os centros teñen menos capacidade de decisión neste ámbito. A xestión eficiente dos recursos é fundamental para evolucionar o modelo de información na toma de decisións, pero a Facultade de Química considera que esta responsabilidade recae principalmente na administración central da USC.

## 4.2.- Xustificación das liñas estratéxicas.

### 4.2.1.- Liña Estratéxica 1. Estudantado e Comunidade Universitaria.

O estudantado é o eixe central da Facultade de Química, polo que potenciar a súa participación activa tanto na vida académica como na profesional é fundamental para o seu desenvolvemento integral. A oferta de actividades extra-curriculares están integradas nos programas consolidados "Química Activa" e "Reactiva a túa Química". Dentro de "Química Activa" destaca a Xuntanza de Investigador@s Nov@s no ámbito da Química (XINQ), impulsada pola Comisión de Normalización Lingüística, que ofrece un espazo único para que os investigadores novos poidan mellorar as súas habilidades de comunicación en público e en lingua galega, á vez que

dan a coñecer o seu traballo científico. Ademais, a colaboración co Colexio de Químicos de Galicia en charlas sobre saídas profesionais e cursos prácticos, como o de LinkedIn, facilita a preparación do estudiantado para o mundo laboral. Este tipo de iniciativas xunto co ciclo de conferencias "Reactiva a túa Química" impartidas por profesionais de prestixio, son claves para crear un ambiente académico dinámico e conectado coas demandas profesionais, fomentando así tanto a divulgación científica como a empregabilidade dos futuros químicos.

O obxectivo desta liña é fomentar a participación activa do estudiantado na vida académica e potenciar a súa orientación vocacional cara o sector químico.

#### 4.2.2.- Liña Estratégica 2. Formación e Docencia no novo contexto.

A docencia na Facultade de Química debe adaptarse constantemente ás novas esixencias científicas e laborais. A acreditación institucional da Facultade de Química da USC, conseguida en 2023, subliña o cumprimento dos estándares de calidade esixidos para os programas de Grao e Máster, así como a implantación dun Sistema Interno de Garantía de Calidade (SIGC) que asegura a mellora continua.

O grao en Química, conta co importante recoñecemento do Selo Internacional de Calidade EUROBACHELOR® que acredita que cumpre cos estándares de calidade internacional, garantindo que os estudantes adquiren competencias fundamentais no ámbito da química. A acreditación sinala que en varias materias do grao as taxas de rendemento e de éxito son baixas. A análise das causas desta situación e a implantación de medidas para mellorar os resultados son esenciais para garantir unha formación de calidade. Ademais, é importante fomentar unha maior participación do estudiantado nas enquisas de satisfacción, xa que isto proporciona información clave para mellorar a docencia e a organización dos cursos.

A Facultade tamén ofrece unha sólida formación de post-grao a través de diversos mestrados. A oferta da Facultade de Química, na actualidade, inclúe o Máster interuniversitario en Química Orgánica (máster de excelencia da Xunta de Galicia), o Máster interuniversitario en Investigación Química e Química Industrial e o Máster en Química na Fronteira coa Bioloxía e a Ciencia de Materiais (máster singular da Xunta de Galicia). Estes programas permiten ao estudiantado profundar en áreas punteiras como a química de materiais, a nanotecnoloxía e a química biolóxica, preparando aos graduados para carreiras investigadoras e profesionais altamente especializadas.

Con esta base sólida de acreditación e recoñecemento, é esencial continuar co proceso de actualización e mellora dos programas, garantindo que as titulacións de grao e máster se manteñan ao nivel das novas demandas científicas e profesionais. A aposta por novas áreas

emergentes e a promoción da internacionalización mediante a oferta de docencia en inglés, reforzan o compromiso da Facultade coa excelencia educativa e coa preparación dos seus estudantes para un mercado laboral en evolución.

#### 4.2.3.- Liña Estratégica 3. Retos na Política de Persoal.

A Facultade de Química conta cun corpo docente e investigador altamente cualificado e comprometido coa mellora continua na docencia e a investigación. Non obstante, enfróntase a retos importantes, como o envellecemento do persoal e a falta de incentivos específicos para recoñecer o esforzo do PDI na titoría dos TFG e TFM. Ademais, a Facultade recoñece a importancia de promover unha perspectiva de xénero para asegurar un ambiente inclusivo e equitativo. Para abordar estas cuestións, a Facultade debe fomentar a formación continua e a actualización profesional do PDI e do PAS, incorporando contidos en perspectiva de xénero que permitan identificar e previr situacións de desigualdade. A instalación dun punto violeta na Facultade, así como a proposta de formación regular en igualdade, subliñan o compromiso coa inclusión. Paralelamente, é crucial que a Facultade colabore co goberno universitario para mellorar as condicións laborais e atraer novo talento, garantindo a continuidade da excelencia académica. Así mesmo, o apoio ao persoal de administración e servizos (PAS) debe ser unha prioridade para garantir unha xestión eficiente que acompañe os retos académicos e investigadores da Facultade.

#### 4.2.4.- Liña Estratégica 4. Investigación e Innovación como motor de desenvolvemento sostible.

A investigación é un dos eixes fundamentais da Facultade de Química. A Facultade conta con grupos de investigación recoñecidos a nivel nacional e internacional, que destacan por liderar proxectos en áreas punteiras como a química de materiais e a nanotecnoloxía, así como pola súa capacidade de transferencia de coñecemento ao sector industrial. Estes grupos teñen unha alta capacidade para captar fondos de investigación competitivos a través de programas como os da Xunta de Galicia, o Ministerio de Ciencia e Innovación e proxectos europeos como o Horizonte Europa.

Non obstante, aínda existen retos importantes que deben ser abordados para garantir a continuidade e o crecemento da investigación na Facultade. Entre eles destaca a dificultade dos grupos de tamaño medio para acceder a financiamento suficiente e a necesidade de modernizar as infraestruturas e os laboratorios, que en moitos casos son obsoletos e limitan a investigación avanzada. Ademais, unha boa financiación dos grupos non só potencia a investigación, senón

que garante unha oferta ampla e diversificada de TFG e TFM en liñas temáticas variadas.

É fundamental, polo tanto, que a Facultade de Química potencie as súas liñas de investigación en áreas emerxentes, fortalecendo a colaboración tanto a nivel académico como coa industria, para asegurar unha transferencia efectiva de coñecemento. Así mesmo, a Facultade debe seguir apostando pola captación de proxectos de investigación competitivos a nivel internacional, especialmente en ámbitos relacionados coa química verde e a sustentabilidade, para consolidarse como un referente no panorama investigador global.

#### 4.2.5.- Liña Estratégica 5. Internacionalización.

A internacionalización é fundamental para aumentar a visibilidade e o prestixio da Facultade de Química no panorama global. A Facultade xa conta cunha sólida oferta de programas formativos, como o Grao en Química con acreditación europea e diversos másteres interuniversitarios, que atraen estudantes internacionais e fomentan a colaboración con outras universidades. Ademais, a Facultade participa activamente en redes internacionais de investigación, facilitando a mobilidade do PDI e do alumnado.

Para seguir mellorando neste ámbito, a Facultade debe ampliar a súa oferta de docencia en inglés e promover a captación de estudantes estranxeiros, ao tempo que fortalece as colaboracións internacionais en proxectos de investigación. Isto permitirá incrementar a visibilidade da Facultade, mellorar a proxección profesional dos seus estudantes e captar talento investigador de calidade.

Ademais, hai que destacar os fortes lazos da Facultade coas universidades portuguesas, que se reflicten nunha presenza significativa de estudantes portugueses realizando investigacións nos laboratorios da USC, e nas colaboracións que os grupos de investigación de Santiago manteñen con grupos punteiros de Portugal en áreas como a nanotecnoloxía, os novos materiais e a computación. Estes vínculos deben seguir potenciándose para reforzar o carácter internacional da Facultade.



## 5.- Diagnose estratéxica da Facultade de Química

O desenvolvemento das liñas PE precisa dunha diagnose estratéxica das LE propostas. Isto se logra mediante as análises DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) e CAME (Corrixir, Afrontar, Manter e Explotar).

### 5.1.- Liña Estratéxica 1. Estudantado e Comunidade Universitaria.

#### 5.1.1.- Análise DAFO

Liña Estratéxica 1. Estudantado e Comunidade Universitaria	Aspectos Positivos	Aspectos negativos
Condicións internas orientación ao presente	<b>Fortalezas</b> Programas como "Química Activa" e "Reactiva a túa Química", que ofrecen actividades de orientación e divulgación científica para estudantes de grao e mestrado. Forte relación con institucións externas como o Colexio de Químicos de Galicia para actividades de empregabilidade.	<b>Debilidades</b> Baixa participación dalgúns estudantes nas actividades extracurriculares e de divulgación, dificultando a implicación completa do alumnado. Dificultades para promover a implicación do estudantado nas actividades de normalización lingüística a nivel xeral.
Condicións externas orientación ao futuro	<b>Oportunidades</b> A Xuntanza de Investigador@s (XINQ) potencia o uso da lingua galega en contextos científicos e favorece o desenvolvemento de competencias clave como a comunicación en público. Crecente interese nas competencias dixitais e profesionais (por exemplo, LinkedIn), facilitando a orientación vocacional dos estudantes.	<b>Ameazas</b> Competencia con outras universidades na captación de estudantes máis activos e motivados. A falta de visibilidade dalgunhas das actividades extracurriculares pode limitar o impacto e a participación do alumnado

5.1.2.- Análise CAME

Liña Estratégica 1. Estudantado e Comunidade Universitaria	Oportunidades	Ameazas
<p>Fortalezas</p>	<p>Estratexias de reforzo: manter fortalezas</p> <p>Consolidar e expandir a XINQ, incrementando o número de presentacións e participantes cada ano, así como reforzar a colaboración co Colexio de Químicos de Galicia nas actividades de orientación profesional.</p>	<p>Estratexias correctoras: corrixir debilidades</p> <p>Potenciar as accións de promoción para incrementar a participación estudantil nas actividades da XINQ e nos eventos profesionais organizados polo Colexio de Químicos de Galicia, a través de campañas de difusión e incentivos académicos, coma por exemplo créditos ECTS.</p>
<p>Debilidades</p>	<p>Estratexias de acción: explotar oportunidades</p> <p>Crear sinerxias con outras áreas científicas e tecnolóxicas, promovendo a interdisciplinaria e o uso da lingua galega en contextos científicos amplos.</p> <p>Ampliar a colaboración co Colexio de Químicos para incluír novos formatos de cursos e actividades orientadas á empregabilidade.</p> <p>Incrementar a participación do estudantado en prácticas externas curriculares.</p>	<p>Estratexias de supervivencia: afrontar ameazas</p> <p>Mellorar a visibilidade das actividades como o curso de LinkedIn e as charlas de saídas profesionais, ampliando a súa difusión entre o alumnado e destacando os beneficios directos para a súa empregabilidade.</p>

## 5.2.- Liña Estratégica 2. Formación e Docencia no novo contexto.

### 5.2.1.- Análise DAFO

Liña Estratégica 2. Formación e Docencia	Aspectos Positivos	Aspectos negativos
<p>Condições internas: orientación ao presente</p>	<p style="text-align: center;"><b>Fortalezas</b></p> <p>A acreditación institucional confirma o cumprimento dos estándares de calidade tanto no grao como nos másteres, cun sistema consolidado de garantía interna da calidade.</p> <p>O Grao en Química conta co Selo Internacional de Calidade EUROBACHELOR®, o que confirma a alta calidade dos seus programas formativos.</p> <p>Boa estrutura das materias de TFG e TFM, co acceso equitativo e un sistema organizado de xestión.</p> <p>Compromiso coa formación en inglés e co desenvolvemento de habilidades de comunicación científica internacional</p>	<p style="text-align: center;"><b>Debilidades</b></p> <p>Falta de integración suficiente de contidos éticos nas materias, limitando a reflexión do alumnado sobre dilemas profesionais e a integridade científica.</p> <p>Baixas taxas de rendemento en varias materias do grao, con valores inferiores ao 60%, o que indica a necesidade de mellorar a eficacia docente en determinadas áreas.</p> <p>Baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, o que limita a capacidade de detectar e responder ás súas necesidades</p>
<p>Condições externas: orientación ao futuro</p>	<p style="text-align: center;"><b>Oportunidades</b></p> <p>Crecente demanda de competencias éticas e de integridade científica a nivel global, especialmente no ámbito da investigación e a innovación.</p> <p>Posibilidade de ampliar a docencia en inglés, mellorando</p>	<p style="text-align: center;"><b>Ameazas</b></p> <p>Resistencia á participación nas enquisas de satisfacción por parte do alumnado, o que pode limitar a capacidade de mellorar os aspectos máis débiles dos programas formativos</p> <p>Competencia con outras universidades a nivel</p>

	<p>a empregabilidade dos estudantes e a súa preparación para traballar en contextos internacionais.</p> <p>Posibilidade de desenvolver novos programas de máster en áreas emerxentes, como os materiais avanzados e a química verde, que teñen alta demanda no mercado laboral e na investigación.</p>	<p>internacional, que poden ofrecer infraestruturas e programas máis actualizados.</p>
--	--	--

### 5.2.2.- Análise CAME

Liña Estratégica 2. Formación e Docencia	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	<p>Estratexias de reforzo: manter fortalezas</p> <p>Consolidar a acreditación institucional e os estándares internacionais: seguir garantindo a calidade dos programas formativos para manter o recoñecemento institucional a nivel nacional e europeo.</p> <p>Potenciar a formación avanzada e interuniversitaria: fortalecer as colaboracións con outras universidades a nivel de máster para asegurar que a Facultade siga sendo un referente na formación especializada.</p> <p>A Facultade conta cun</p>	<p>Estratexias correctoras: corrigir debilidades</p> <p>Integrar contidos éticos de maneira progresiva nas materias. Incorporar actividades específicas que inclúan dilemas éticos e o Código Europeo de Conduta para a Integridade na Investigación nas materias, para fortalecer as competencias éticas dos estudantes.</p> <p>Actualizar os plans de estudo: garantir unha revisión continua e a adaptación dos contidos formativos tanto no grao como nos másteres ás demandas emerxentes, como a química de</p>

	<p>protocolo de actuación en materias con baixa taxa de éxito recorrente no grao. Permite identificar as causas das baixas taxas de rendemento e promover medidas correctivas específicas.</p>	<p>materiais e as competencias dixitais.</p> <p>Mellorar as infraestruturas prácticas e de investigación: renovar os laboratorios e os espazos de prácticas para garantir que os estudantes teñan acceso a instalacións de calidade que soporten a formación práctica.</p>
<p>Debilidades</p>	<p>Estratexias de acción: explotar oportunidades</p> <p>Novo máster en Materiais Avanzados: desenvolver un novo título de máster enfocado en materiais avanzados e novos materiais para o curso 2025-26.</p> <p>Ampliar as competencias éticas e en inglés como vantaxe competitiva no mercado laboral. Crear actividades formativas que combinen competencias éticas e lingüísticas, asegurando que os estudantes saen preparados para os retos do ámbito internacional.</p>	<p>Estratexias de supervivencia: afrontar ameazas</p> <p>Fortalecer as competencias en inglés do alumnado. Ampliar a docencia en inglés e garantir que as competencias de comunicación científica en inglés son adecuadamente avaliadas en traballos e exames.</p> <p>Aumentar a participación nas enquisas de satisfacción mediante campañas de sensibilización. Promover campañas para concienciar ao alumnado sobre a importancia da súa participación nas enquisas e fomentar unha cultura de avaliación continua.</p>

### 5.3.- Liña Estratégica 3. Retos na Política de Persoal

#### 5.3.1.- Análise DAFO

Liña Estratégica 3. Retos na Política de Persoal	Aspectos Positivos	Aspectos negativos
<p>Condições internas:</p> <p>orientación ao presente</p>	<p>Fortalezas</p> <p>Corpo docente e investigador cualificado, cun forte compromiso coa investigación e a mellora docente. Sólida experiencia investigadora e recoñecemento a nivel nacional e internacional.</p> <p>Programas de formación continua para o PDI e o PAS, que agora inclúen módulos en perspectiva de xénero, reforzando o compromiso coa igualdade e a inclusión.</p>	<p>Debilidades</p> <p>Falta de incentivos formais para o recoñecemento da carga de traballo relacionada coa titoría de TFG e TFM, a pesar do seu impacto significativo nos grupos de investigación.</p> <p>Limitada influencia da Facultade na contratación de novo persoal, xa que esta competencia depende do goberno da universidade.</p>
<p>Condições externas:</p> <p>orientación ao futuro</p>	<p>Oportunidades</p> <p>Posibilidade de colaborar co goberno universitario para impulsar programas de formación continua e mellora das condicións laborais do profesorado.</p> <p>Incremento da demanda de formación en perspectiva de xénero no ámbito académico, permitindo á Facultade posicionarse como unha institución inclusiva e innovadora.</p>	<p>Ameazas</p> <p>O envellecemento do persoal docente sen un plan claro de reposición pode afectar á calidade da docencia e da investigación.</p> <p>Dificultades para atraer e reter talento novo, especialmente sen un plan atractivo de carreira investigadora que garanta estabilidade.</p>

5.3.2.- Análise CAME

Liña Estratégica 3. Retos na Política de Persoal	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	<p>Estratexias de reforzo: manter fortalezas</p> <p>Consolidar a formación continua: Seguir impulsando programas de formación regular para o PDI en áreas de innovación docente e investigación.</p> <p>Fortalecer a investigación do PDI: Apoiar ao profesorado no acceso a proxectos competitivos a nivel nacional e internacional.</p>	<p>Estratexias correctoras: corrixir debilidades</p> <p>Propoñer un sistema de incentivos para a titoría de TFG e TFM: Crear un marco que recoñeza formalmente a labor dos titores, apoiando o seu traballo con incentivos e redución de carga lectiva.</p> <p>Ofrecer formación regular en igualdade e inclusión, asegurando que todo o persoal estea capacitado para identificar e previr desigualdades.</p>
Debilidades	<p>Estratexias de acción: explotar oportunidades</p> <p>Colaborar co goberno universitario na captación de financiamento europeo: Aproveitar proxectos e fondos europeos para mellorar as oportunidades de contratación e formación do PDI.</p> <p>Posicionar a Facultade como un centro comprometido coa igualdade de xénero: Promover a visibilidade das iniciativas en igualdade (como o punto violeta), mellorando a imaxe da Facultade como un referente</p>	<p>Estratexias de supervivencia: afrontar ameazas</p> <p>Colaborar co goberno universitario para asegurar a reposición do persoal envellecido: Trasladar propostas ao goberno universitario que permitan abordar a renovación xeracional do profesorado.</p> <p>Colaborar co goberno universitario para fomentar a retención de talento novo mediante programas de desenvolvemento profesional. Propoñer melloras nas</p>

	inclusivo e innovador.	condicións laborais e a creación de oportunidades que garantan a estabilidade e a progresión do persoal docente novo.
--	------------------------	---



## 5.4.- Liña Estratégica 4. Investigación e Innovación como motor de desenvolvemento sostible.

### 5.4.1.- Análise DAFO

Liña Estratégica 4. Investigación e Innovación como motor de desenvolvemento sostible.	Aspectos Positivos	Aspectos negativos
<p>Condições internas: orientación ao presente</p>	<p style="text-align: center;"><b>Fortalezas</b></p> <p>A Facultade conta con grupos de investigación consolidados e recoñecidos a nivel nacional e internacional, que lideran proxectos en áreas punteiras como a química de materiais, nanotecnoloxía e química biolóxica.</p> <p>Participación activa en proxectos competitivos financiados por entidades como a Xunta de Galicia, Ministerio de Ciencia e Innovación e programas europeos como Horizonte Europa.</p> <p>Alta capacidade de transferencia de coñecemento a través de colaboracións coa industria química, especialmente en áreas innovadoras como a química verde e os novos materiais.</p>	<p style="text-align: center;"><b>Debilidades</b></p> <p>Diferenza na capacidade de captación de fondos entre grupos de investigación grandes e pequenos. Os grupos máis pequenos teñen crecente dificultade para acceder a proxectos de investigación financiados.</p> <p>Infraestruturas e equipamento obsoletos en algúns laboratorios, o que limita o desenvolvemento de proxectos de investigación avanzados e competitivos.</p> <p>Fragmentación entre grupos de investigación, o que dificulta a colaboración interna e a creación de proxectos conxuntos que maximicen o potencial da Facultade.</p>
<p>Condições externas: orientación ao futuro</p>	<p style="text-align: center;"><b>Oportunidades</b></p> <p>O aumento da demanda en áreas como a química verde, a química de materiais e a biotecnoloxía abre novas</p>	<p style="text-align: center;"><b>Ameazas</b></p> <p>Falta de financiamento a longo prazo para manter proxectos de investigación estables, o que podería limitar o</p>

	<p>oportunidades para captar fondos de investigación e consolidar a Facultade como referente nestes campos.</p> <p>Posibilidade de captar máis financiamento de proxectos europeos e de fortalecer a cooperación internacional, o que facilitaría a captación de novos fondos e o desenvolvemento de proxectos innovadores.</p> <p>Crecente demanda de colaboración entre o mundo académico e a industria, o que pode favorecer a transferencia de coñecemento e a creación de proxectos aplicados con impacto real no tecido produtivo.</p>	<p>desenvolvemento de investigación de alto impacto a nivel global.</p> <p>Competencia internacional crecente no acceso a fondos europeos, especialmente en áreas clave como os materiais avanzados e a nanotecnoloxía.</p>
--	--	---

#### 5.4.2.- Análise CAME

Liña Estratégica 4. Investigación e Innovación como motor de desenvolvemento sostible.	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	<p>Estratexias de reforzo: manter fortalezas</p> <p>Consolidar os grupos de investigación líderes: Fomentar a participación continua dos grupos de investigación máis consolidados en proxectos de alto impacto, tanto a nivel</p>	<p>Estratexias correctoras: corrixir debilidades</p> <p>Facilitar o acceso dos grupos pequenos a financiamento: Desenvolver un plan de apoio específico na USC que permita aos grupos de investigación pequenos acceder a proxectos</p>

	<p>nacional como internacional.</p> <p>Potenciar a transferencia de coñecemento: Fortalecer a colaboración coa industria para garantir que a investigación realizada na Facultade se traduce en aplicacións prácticas, con especial atención á química verde e os novos materiais.</p>	<p>de investigación e captar fondos tanto a nivel nacional como internacional.</p> <p>Actualizar as infraestruturas e os laboratorios: Investir na renovación de infraestruturas e equipamento, priorizando os laboratorios que traballan en áreas estratéxicas de investigación como a química de materiais e a biotecnoloxía.</p>
<p>Debilidades</p>	<p>Estratexias de acción: explotar oportunidades</p> <p>Desenvolver novas liñas de investigación en áreas emerxentes: Explorar novas áreas de investigación en temas como a química verde, os materiais avanzados e a biotecnoloxía, aproveitando as oportunidades de financiamento en proxectos estratéxicos.</p> <p>Ampliar as redes internacionais de colaboración: Aproveitar a crecente demanda de cooperación internacional para ampliar as colaboracións con universidades estranxeiras e centros de investigación de prestixio.</p>	<p>Estratexias de supervivencia: afrontar ameazas</p> <p>Captar máis fondos europeos e internacionais: Desenvolver estratexias para aumentar a participación da Facultade en convocatorias internacionais e acceder a proxectos de gran escala financiados pola Unión Europea e outras entidades.</p> <p>Fortalecer a colaboración con outras institucións e empresas: Ampliar as redes de colaboración tanto a nivel académico como industrial para facer fronte á competencia internacional e asegurar a captación de recursos.</p>

## 5.5.- Liña Estratégica 5. Internacionalización.

### 5.5.1.- Análise DAFO

Liña Estratégica 5. Internacionalización.	Aspectos Positivos	Aspectos negativos
<p>Condições internas: orientación ao presente</p>	<p style="text-align: center;"><b>Fortalezas</b></p> <p>A Facultade conta cunha oferta consolidada de programas en inglés, como o Máster en Química na Fronteira coa Bioloxía e a Ciencia de Materiais e a oferta de materias do Grao en inglés.</p> <p>Alta participación en redes internacionais, facilitando a mobilidade do PDI e do alumnado.</p> <p>Fortes lazos con universidades portuguesas, con numerosos estudantes realizando investigación nos laboratorios da USC nos últimos 10 anos. Ademais, os grupos de investigación de Santiago colaboran con estes grupos de investigación en áreas como nanotecnoloxía, novos materiais e computación.</p>	<p style="text-align: center;"><b>Debilidades</b></p> <p>Falta de oferta suficiente en inglés para consolidar a internacionalización, especialmente nos programas de posgrao.</p> <p>Baixa participación do alumnado en programas de mobilidade internacional, o que limita a experiencia global dos estudantes</p>
<p>Condições externas: orientación ao futuro</p>	<p style="text-align: center;"><b>Oportunidades</b></p> <p>Crecedo na demanda de programas de intercambio en colaboración con universidades estranxeiras.</p>	<p style="text-align: center;"><b>Ameazas</b></p> <p>A competencia con outras universidades a nivel internacional para captar estudantes internacionais pode reducir a demanda de matrícula de intercambio.</p>

	<p>Oportunidades para atraer a máis estudantes estranxeiros mediante unha maior visibilidade internacional e a expansión de programas formativos en inglés.</p> <p>Potencial para fortalecer a colaboración con universidades portuguesas, aproveitando os lazos establecidos en investigación e intercambios de estudantes.</p>	<p>Menor interese do alumnado local en participar en programas de mobilidade internacional, o que limita as súas oportunidades de desenvolvemento.</p>
--	--	--

#### 5.5.2.- Análise CAME

Liña Estratégica 5. Internacionalización.	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	<p>Estratexias de reforzo: manter fortalezas</p> <p>Consolidar os programas en inglés xa existentes. Asegurar que o Grao en Química (co seu Eurobachelor) e os másteres interuniversitarios se manteñen como referentes na oferta internacional da Facultade.</p> <p>Fomentar a participación en redes internacionais de investigación. Continuar promovendo a participación do PDI en redes internacionais para mellorar a visibilidade da Facultade e aumentar as oportunidades de colaboración.</p>	<p>Estratexias correctoras: corrixir debilidades</p> <p>Ampliar a oferta de programas en inglés, especialmente en másteres. Incrementar o número de materias e programas impartidos en inglés para fortalecer a proxección internacional da Facultade e atraer a máis estudantes estranxeiros.</p> <p>Fomentar a participación do alumnado en programas de mobilidade. Establecer campañas de sensibilización e orientación para animar ao alumnado a participar en</p>

		programas de mobilidade internacional.
Debilidades	<p>Estratexias de acción: explotar oportunidades</p> <p>Crear novos programas de dobre titulación en colaboración con universidades estranxeiras: Desenvolver programas de dobre titulación en colaboración con universidades de prestixio, especialmente en áreas de investigación punteira.</p> <p>Ampliar os intercambios con universidades portuguesas e europeas: Promover novos convenios de mobilidade de estudantes e investigadores con universidades de Portugal e Europa, facilitando a experiencia internacional para máis membros da Facultade.</p>	<p>Estratexias de supervivencia: afrontar ameazas</p> <p>Fortalecer as estratexias de captación de estudantes internacionais. Colaborar con axencias internacionais e mellorar a visibilidade dos programas da Facultade para atraer a un maior número de estudantes estranxeiros.</p> <p>Promover a cooperación con universidades portuguesas e europeas. Ampliar as colaboracións en proxectos de investigación e programas de intercambio con universidades portuguesas e europeas, aproveitando os lazos existentes.</p>

## 6.- Obxectivos Estratégicos

### 6.1.- Introducción aos obxectivos estratégicos. Cadro de mando

A continuación se especificarán os obxectivos estratégicos que se propoñen no Plan estratégico 2024-26 da Facultade de Química. Antes de desenvolver os detalles da cada obxectivo incorporamos o Cadro de Mando (CM) do Plan estratégico. A táboa gráfica que constitúe o CM recolle a secuencia ordenada e correlación entre liñas estratégicas, obxectivos estratégicos, período de execución e accións. Isto facer visible nunha única táboa o PEC e facilita o posterior seguimento e controles de execución.

Liñas Estratégicas	Obxectivos Estratégicos	Período de Execución	Accións
Liña Estratégica 1. Estudantado e Comunidade Universitaria	Obxectivo Estratégico 1.1. Incrementar a participación estudiantil nas actividades extracurriculares e profesionais, promovendo o uso da lingua galega en comunicacións científicas.	Dende xaneiro de 2025 ata xuño de 2026	Acción 1.1.1. Difundir e fomentar a participación nas actividades extracurriculares. Ampliar as campañas de difusión a través de redes sociais e correos para incrementar a participación nas actividades extracurriculares organizadas na Facultade de Química.
			Acción 1.1.2. Reforzar a promoción do uso do galego nas actividades científicas: Incrementar o número de presentacións en galego na XINQ mediante campañas de sensibilización e orientación específica.
	Obxectivo Estratégico 1.2. Fortalecer a preparación profesional do alumnado mediante actividades orientadas á empregabilidade e ás competencias dixitais	Dende maio de 2025 ata decembro de 2026	Acción 1.2.1: Organizar un ciclo anual de charlas e talleres prácticos en colaboración co Colexio de Químicos de Galicia, enfocados nas habilidades dixitais e de marketing profesional, proporcionando ferramentas clave para a busca de emprego.
			Acción 1.2.2: Incentivar a participación, con créditos ECTS, no ciclo anual de charlas e talleres prácticos organizados en colaboración co Colexio de Químicos de Galicia.
	Obxectivo Estratégico 2.1.Integrar gradualmente os contidos éticos e o Código Europeo de Conduta EuCheMS nas materias do Grao e Master.	Dende maio de 2025 ata decembro de 2026	Acción 2.1.1. Ofertar actividades formativas (curso ou conferencia) que aborden dilemas éticos aplicando os principios do Código Europeo de Conduta.
			Acción 2.1.2. Avaliar a comprensión dos contidos éticos en presentacións e traballos. Introducir unha sección específica nos sistemas de avaliación de proxectos, traballos e exames orais ou escritos, onde se valore a capacidade do estudante para aplicar principios éticos e resolver

Liña Estratégica 2. Formación e docencia no novo contexto.	Obxectivo Estratégico 2.2. Reforzar as competencias de comunicación en inglés do alumnado a través de actividades formativas e avaliacións.	Dende xaneiro de 2026 ata decembro de 2026	dilemas relacionados coa integridade na investigación.  Acción 2.2.1: Fomentar o uso do inglés en presentacións orais e traballos escritos. Require que o estudiantado realice parte das súas presentacións orais e traballos escritos en inglés, en materias onde se traballe o subresultado de aprendizaxe 4.9 (comunicación en inglés). Garantir que os sistemas de avaliación inclúan criterios claros para avaliar as competencias de comunicación en inglés, tanto en exames como en presentacións orais e traballos escritos.
	Obxectivo Estratégico 2.3. Mellorar as taxas de rendemento e participación en enquisas de satisfacción.	Dende xaneiro de 2025 ata decembro de 2026	Acción 2.3.1: Fomentar a participación nas enquisas de satisfacción. Establecer campañas de sensibilización para aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, garantindo que os resultados sexan representativos.
Liña Estratégica 3. Retos na Política de Persoal	Obxectivo Estratégico 3.1. Mellorar o recoñecemento e apoio ao profesorado na titoría de TFG e TFM.	Dende xaneiro de 2026 ata decembro de 2026	Acción 3.1.1. Propoñer un sistema de incentivos para titores de TFG e TFM: Crear un plan de incentivos que inclúa redución de carga lectiva ou recoñecemento académico para aqueles profesores que titoricen TFG e TFM. Trasladar a proposta ao goberno da universidade.  Acción 3.1.2. Facilitar recursos adicionais para a titorización de TFG. Os grupos de investigación financian a realización dos TFG nos seus laboratorios. Establecer unha colaboración con grupos de investigación e departamentos para garantir que os titores teñan acceso a recursos financeiros e de apoio que faciliten a súa labor.
	Obxectivo Estratégico 3.2. Fomentar a formación continua e a mellora das competencias do PDI en docencia e investigación.	Dende setembro de 2025 ata decembro de 2026	Acción 3.2.1: Desenvolver un programa de formación continua: Establecer un plan anual de formación para o PDI, con cursos centrados en metodoloxías innovadoras de ensino, competencias dixitais e habilidades de investigación.  Acción 3.2.2: Integrar a perspectiva de xénero na formación continua. Promover a incorporación da perspectiva de xénero de xénero nos cursos de formación en innovación docente e investigación, promovendo unha cultura de igualdade dentro do PDI.
			Acción 4.1.1. Desenvolver un plan de apoio á captación de proxectos para grupos de tamaño medio. Colaborar coa Vicerreitoría de Política



Liña Estratégica 4. Investigación e Innovación como Motor de Desenvolvemento Sostible.	Obxectivo Estratégico 4.1. Ampliar a captación de fondos e facilitar o acceso a proxectos de investigación para todos os grupos da Facultade.	Dende xaneiro de 2026 ata decembro de 2026	Científica no desenvolvemento dun programa específico que ofrezca asesoramento, formación e apoio administrativo aos grupos para mellorar a súa participación en convocatorias de proxectos nacionais e internacionais. A diversificación de liñas temáticas nos TFG e TFM está directamente vinculada á capacidade dos grupos de investigación para captar fondos. Incrementar esta financiación garantizará unha oferta variada e atractiva para o estudantado. Acción 4.1.2. Fomentar a participación en proxectos de colaboración internacional. Establecer estratexias para aumentar a presenza da Facultade en proxectos internacionais financiados pola Unión Europea, promovendo a colaboración entre grupos internos e externos.
	Obxectivo Estratégico 4.2. Fomentar a colaboración intergrupala e o uso compartido de infraestruturas para potenciar a investigación en áreas emerxentes e sostibles	Dende novembro de 2025 ata decembro de 2026	Acción 4.2.1: Propoñer o uso compartido de infraestruturas entre grupos de investigación. Establecer de xeito voluntario un sistema formal que permita aos grupos pequenos e medianos acceder aos equipos avanzados dispoñibles en outros grupos da Facultade, favorecendo a colaboración intergrupala en proxectos. Ademais, a Facultade participará en convocatorias competitivas para axudas a centros de Infraestruturas de Investigación e Equipamento Científico-Técnico. Acción 4.2.2. Facilitar proxectos colaborativos en áreas emerxentes. Promover proxectos conxuntos entre grupos de investigación de diferentes áreas temáticas que poidan colaborar en proxectos interdisciplinarios en campos como a química verde ou os materiais avanzados.
Liña Estratégica 5. Internacionalización.	Obxectivo Estratégico 5.1. Ampliar a oferta académica en inglés e mellorar a captación de estudantes internacionais.	Dende xaneiro de 2026 ata decembro de 2026.	Acción 5.1.1. Ampliar a oferta de materias en inglés nos programas de grao e máster. Identificar áreas de alta demanda e materias clave para ser impartidas en inglés, especialmente nos programas de máster nas materias de investigación avanzada.
			Acción 5.1.2. Desenvolver estratexias de captación de estudantes internacionais. Colaborar con axencias de intercambio internacional e mellorar a visibilidade da Facultade en eventos e feiras educativas internacionais.
			Acción 5.2.1. Ampliar as colaboracións con

	<p>Obxectivo Estratégico 5.2. Fortalecer a colaboración con universidades portuguesas e promover novos programas de dobre titulación.</p>	<p>Dende xaneiro de 2026 ata decembro de 2026</p>	<p>universidades portuguesas e europeas: Establecer novos convenios e fortalecer os existentes para facilitar o intercambio de estudantes e profesores, así como a realización de proxectos de investigación conxuntos.</p> <hr/> <p>Acción 5.2.2. Iniciar o proceso de creación de novos programas de dobre titulación en colaboración con universidades estranxeiras. Propoñer unha declaración de intencións para implementar programas de dobre titulación en colaboración con universidades europeas, especialmente en áreas de investigación avanzada como a nanotecnoloxía e a química de materiais.</p>
--	---	---	---

## 6.2.- Liña Estratégica 1. Estudantado e Comunidade Universitaria

6.2.1.- Obxectivo Estratégico 1.1. Incrementar a participación estudantil nas actividades extracurriculares e profesionais, promovendo o uso da lingua galega en comunicacións científicas.

Liña Estratégica 1. Estudantado e Comunidade Universitaria	
<i>Obxectivo Estratégico 1.1. Incrementar a participación estudantil nas actividades extracurriculares e profesionais, promovendo o uso da lingua galega en comunicacións científicas.</i>	
<u>Xustificación do obxectivo estratégico</u>	
A participación activa do alumnado de grao e post-grao en actividades extracurriculares é esencial para o seu desenvolvemento académico e profesional. Programas como a Xuntanza de Investigador@s Novos no ámbito da Química (XINQ) e as actividades do programa “Química Activa” ofrecen valiosas oportunidades para mellorar competencias de comunicación, tanto en galego como en inglés, ademais de fortalecer as súas opcións de empregabilidade.	
Responsable de seguimento: Coordinadora de Calidade (Mercedes Parajó Montes)	Inicio: Xaneiro de 2025 Fin: Decembro de 2026
Acción 1.1.1. Difundir e fomentar a participación nas actividades extracurriculares. Ampliar as campañas de difusión a través de redes sociais e correos para incrementar a participación nas actividades extracurriculares organizadas na Facultade de Química.	
Responsables de execución: Responsable de Calidade (Pedro Rodríguez Dafonte).	Período de execución: Xaneiro de 2025 – Decembro de 2026
Evidencia Documental: Listaxe de participantes nas actividades desenvolvidas	Indicador: Porcentaxe de estudantes participantes nas actividades extracurriculares. Meta: incremento do 20% anual.
Acción 1.1.2. Reforzar a promoción do uso do galego nas actividades científicas: Incrementar o número de presentacións en galego na XINQ mediante campañas de sensibilización e orientación específica.	
Responsable de execución: Decano (Jesús Sanmartín Matalobos) e Comisión de Normalización Lingüística	Período de execución: Setembro de 2025 – Decembro de 2026
Evidencia Documental: Listaxe de inscricións na XINQ_5 (2025) e XINQ_6 (2026).	Indicador: Número de presentacións en galego na XINQ Meta: incremento do 10% anual dos estudantes matriculados en máster e doutorado

### 6.2.2.- Obxectivo Estratégico 1.2. Fortalecer a preparación profesional do alumnado mediante actividades orientadas á empregabilidade e ás competencias dixitais.

<b>Liña Estratégica 1. Estudantado e Comunidade Universitaria</b>	
<i>Obxectivo Estratégico 1.2. Fortalecer a preparación profesional do alumnado mediante actividades orientadas á empregabilidade e ás competencias dixitais</i>	
<u>Xustificación do obxectivo estratégico</u>	
A mellora das competencias profesionais do alumnado é fundamental para facilitar a súa inserción no mercado laboral. A colaboración co Colexio de Químicos de Galicia en charlas sobre saídas profesionais e talleres ofrece oportunidades para que o estudantado adquira habilidades que lles axuden a desenvolver un perfil profesional competitivo.	
Responsable de seguimento: Coordinadora de Calidade (Mercedes Parajó Montes)	Inicio: Setembro de 2025 Fin: Decembro de 2026
Acción 1.2.1: Organizar un ciclo anual de charlas e talleres prácticos en colaboración co Colexio de Químicos de Galicia, enfocados nas habilidades dixitais e de marketing profesional, proporcionando ferramentas clave para a busca de emprego.	
Responsables de execución: Decano (Jesús Sanmartín Matalobos) e Colexio de Químicos de Galicia)	Período de execución: Setembro de 2025 – Decembro de 2026
Evidencia Documental: Listaxe de actividades desenvolvidas	Indicador: Número de actividades Meta: Número de estudantes inscritos
Acción 1.2.2: Incentivar a participación, con créditos ECTS, no ciclo anual de charlas e talleres prácticos organizados en colaboración co Colexio de Químicos de Galicia.	
Responsables de execución: Decano (Jesús Sanmartín Matalobos) e Colexio de Químicos de Galicia)	Período de execución: Setembro de 2025 – Decembro de 2026
Evidencia Documental: Listaxe de inscritos na actividade	Indicador: Número de inscricións Meta: 20 estudantes

### 6.3.- Liña Estratégica 2. Formación e docencia no novo contexto.

#### 6.3.1.- Obxectivo Estratégico 2.1. Integrar gradualmente os contidos éticos e o Código Europeo de Conduta EuCheMS nas materias do Grao e Master.

Liña Estratégica 2. Formación e docencia no novo contexto	
Obxectivo Estratégico 2.1. Integrar gradualmente os contidos éticos e o Código Europeo de Conduta EuCheMS nas materias do Grao e Master.	
<u>Xustificación do obxectivo estratéxico</u>	
As recomendacións da acreditación internacional sinalan a necesidade de reforzar a formación ética no Grao en Química, en particular os principios do código de conducta EuCheMS para a Integridade na Investigación. A docencia non debe limitarse ao coñecemento teórico, senón que debe fomentar a reflexión ética e a responsabilidade na investigación e no exercicio profesional.	
Responsable de seguimento: Coordinadora de Calidade (Mercedes Parajó Montes)	Inicio: Maio de 2025
	Fin: Decembro de 2026
Acción 2.1.1. Ofertar actividades formativas (curso ou conferencia) que aborden dilemas éticos aplicando os principios do Código Europeo de Conduta.	
Responsables de execución: Responsable de Calidade (Pedro Rodríguez Dafonte)	Período de execución: Maio de 2025 – Decembro de 2025
Evidencia Documental: Listaxe de asistencia aos cursos e conferencias.	Indicador: Asistencia aos cursos ou conferencias ofertados.
	Meta: 25% do estudiantado de grao e 50% do estudiantado de máster en 2 anos.
Acción 2.1.2. Avaliar a comprensión dos contidos éticos en presentacións e traballos. Introducir unha sección específica nos sistemas de avaliación de proxectos, traballos e exames orais ou escritos, onde se valore a capacidade do estudante para aplicar principios éticos e resolver dilemas relacionados coa integridade na investigación.	
Responsable de execución: Secretaria de Facultade (M <sup>a</sup> Carmen Barciela Alonso).	Período de execución: Febreiro de 2026 – Decembro de 2026
Evidencia Documental: Informes de coordinación.	Indicador: Porcentaxe de estudantes avaliados en competencias éticas.
	Meta: 100% de estudantes de materias onde se traballan competencias éticas.

### 6.3.2.- Obxectivo Estratégico 2.2. Reforzar as competencias de comunicación en inglés do alumnado a través de actividades formativas e avaliacións.

Liña Estratégica 2. Formación e Docencia no Novo Contexto	
<i>Obxectivo Estratégico 2.2. Reforzar as competencias de comunicación en inglés do alumnado a través de actividades formativas e avaliacións.</i>	
<u>Xustificación do obxectivo estratégico</u>	
O informe de acreditación EUROBACHELOR destaca a necesidade de reforzar as competencias de comunicación oral e escrita en inglés. É fundamental que todo o estudiantado desenvolva estas habilidades para poder competir no mercado laboral e participar en proxectos internacionais. Isto implica incorporar o inglés en diversas actividades formativas e en avaliacións, tanto escritas como orais.	
Responsable de seguimento: Responsable de Calidade (Pedro Rodríguez Dafonte)	Inicio: Xaneiro de 2026 Fin: Decembro de 2026
Acción 2.2.1: Fomentar o uso do inglés en presentacións orais e traballos escritos. Requirit que o estudiantado realice parte das súas presentacións orais e traballos escritos en inglés, en materias onde se traballe o subresultado de aprendizaxe 4.9 (comunicación en inglés). Garantir que os sistemas de avaliación inclúan criterios claros para avaliar as competencias de comunicación en inglés, tanto en exames como en presentacións orais e traballos escritos.	
Responsables de execución: Secretaria de Facultade (Ma Carmen Barciela Alonso)	Período de execución: Xaneiro de 2026 – Decembro de 2026
Evidencia Documental: Actas das comisións, Informes de Coordinación	Indicador: Porcentaxe de estudantes que realizan traballos e presentacións en inglés.
	Meta: 50% nas materias obrigatorias onde se traballan competencias en inglés nun prazo de 3 anos.

### 6.3.3.- Obxectivo Estratégico 2.3. Mellorar as taxas de rendemento e participación en enquisas de satisfacción.

Liña Estratégica 2. Formación e Docencia no Novo Contexto	
<i>Obxectivo Estratégico 2.3. Mellorar as taxas de rendemento e participación en enquisas de satisfacción.</i>	
<u>Xustificación do obxectivo estratégico</u>	
<p>Os informes de acreditación sinalan que en varias materias do grao as taxas de rendemento e de éxito son inferiores ao 60%. A análise das causas desta situación e a implantación de medidas para mellorar os resultados son esenciais para garantir unha formación de calidade. A Facultade conta cun protocolo de actuación en materias con baixa taxa de éxito recorrente no grao. Polo tanto, é importante fomentar unha maior participación do estudiantado nas enquisas de satisfacción, xa que isto proporciona información para mellorar a docencia e a organización dos cursos.</p>	
Responsable de seguimento: Responsable de	Inicio: Xaneiro de 2025
Calidade (Pedro Rodríguez Dafonte)	Fin: Decembro de 2026
Acción 2.3.1: Fomentar a participación nas enquisas de satisfacción. Establecer campañas de sensibilización para aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, garantindo que os resultados sexan representativos.	
Responsables de execución: Vicedecano (Luis Alberto García Suarez)	Período de execución: Maio de 2025 – Decembro de 2026
Evidencia Documental: Indicadores IN48G e IN48M (Satisfacción do profesorado coa docencia impartida)	Indicador: Taxa de participación nas enquisas de satisfacción
	Meta: Alcanzar o 40 % en 3 anos

## 6.4.- Liña Estratégica 3. Retos na Política de Persoal.

### 6.4.1.- Obxectivo Estratégico 3.1. Mellorar o recoñecemento e apoio ao profesorado na titoría de TFG e TFM.

Liña Estratégica 3. Retos na Política de Persoal	
Obxectivo Estratégico 3.1. Mellorar o recoñecemento e apoio ao profesorado na titoría de TFG e TFM.	
<u>Xustificación do obxectivo estratégico</u>	
<p>O TFG é un traballo de iniciación á investigación realizado individualmente por cada estudante, que ten como finalidade acreditar de forma integrada os coñecementos e destrezas adquiridas durante os estudos de grao realizados. Polo tanto é un traballo maioritariamente experimental que se realiza nos laboratorios de investigación da USC. O profesorado que titoriza os Traballos de Fin de Grao (TFG) e Traballos de Fin de Máster (TFM) asume unha carga de traballo adicional significativa que non sempre está recoñecida de forma axeitada. Para mellorar a motivación e a calidade desta docencia, a Facultade debe propoñer un sistema de incentivos que recoñeza este labor fundamental na formación do estudantado. Deste xeito, asegurárase que o profesorado se mantén motivado e comprometido coas titorías, garantindo unha boa experiencia educativa para os estudantes.</p>	
Responsable de seguimento: Responsable de Calidade (Pedro Rodríguez Dafonte)	Inicio: Xaneiro de 2026 Fin: Decembro de 2026
Acción 3.1.1. Propoñer un sistema de incentivos para titores de TFG e TFM: Crear un plan de incentivos que inclúa redución de carga lectiva ou recoñecemento académico para aqueles profesores que titoricen TFG e TFM. Trasladar a proposta ao goberno da universidade.	
Responsables de execución: Decano (Jesús Sanmartín Matalobos) e coordinadores dos masteres impartidos na Facultade	Período de execución: Xaneiro de 2026 - Decembro de 2026
Evidencia Documental: Listado de titores que reciben incentivos formais por titoría.	Indicador: Número de titores que reciben incentivos formais por titoría Meta: Incremento do 25% en 2 anos.
Acción 3.1.2. Facilitar recursos adicionais para a titorización de TFG. Os grupos de investigación financian a realización dos TFG nos seus laboratorios. Establecer unha colaboración con grupos de investigación e departamentos para garantir que os titores teñan acceso a recursos financeiros e de apoio que faciliten a súa labor.	
Responsable de execución: Vicedecano (Luis Alberto García Suarez)	Período de execución: Xaneiro de 2026 - Decembro de 2026
Evidencia Documental: Listado de e titores que dispoñen de recursos adicionais para titorías	Indicador: Número de titores que dispoñen de recursos adicionais para titorías Meta: incremento do 15% en 3 anos.



### 6.4.2.- Obxectivo Estratégico 3.2. Fomentar a formación continua e a mellora das competencias do PDI en docencia e investigación

Liña Estratégica 2. Formación e Docencia no Novo Contexto	
<i>Obxectivo Estratégico 3.2. Fomentar a formación continua e a mellora das competencias do PDI en docencia e investigación.</i>	
<u>Xustificación do obxectivo estratégico</u>	
<p>A actualización constante das competencias docentes e investigadoras é crucial para que o profesorado poida adaptarse ás novas demandas da educación superior e á evolución das áreas científicas. A través dun plan de formación continua adaptado ás necesidades do PDI, a Facultade pode garantir que o profesorado está preparado para impartir docencia de calidade e para participar en proxectos de investigación competitivos. Este enfoque tamén axuda a mellorar a satisfacción e o desenvolvemento profesional do PDI, reducindo o risco de desmotivación. Ademais, a incorporación da perspectiva de xénero facilita un ambiente inclusivo e igualitario. A Facultade xa traballa en varias iniciativas de sensibilización, como a instalación dun punto violeta o próximo mes, pero a formación específica en perspectiva de xénero permitirá que o PDI e o PAS adquiren competencias necesarias para identificar e previr situacións de desigualdade ou discriminación de xénero no ámbito universitario.</p>	
Responsable de seguimento: Responsable de Calidade (Pedro Rodríguez Dafonte)	Inicio: Setembro de 2025 Fin: Decembro de 2026
Acción 3.2.1: Desenvolver un programa de formación continua: Establecer un plan anual de formación para o PDI, con cursos centrados en metodoloxías innovadoras de ensino, competencias dixitais e habilidades de investigación.	
Responsables de execución: Decano (Jesús Sanmartín Matalobos) e Vicerreitoría de Política Científica	Período de execución: Setembro de 2025 – Setembro de 2026
Evidencia Documental: Listaxe de profesores que participan en programas de formación continua	Indicador: Porcentaxe de profesores que participan en programas de formación continua Meta: 50% de participación anual
Acción 3.2.2: Integrar a perspectiva de xénero na formación continua. Promover a incorporación da perspectiva de xénero de xénero nos cursos de formación en innovación docente e investigación, promovendo unha cultura de igualdade dentro do PDI.	
Responsables de execución: Coordinadora de Calidade (Mercedes Parajó Montes)	Período de execución: Setembro de 2025 – Decembro de 2026
Evidencia Documental: Listaxe de persoal que completa a formación en perspectiva de xénero	Indicador: Porcentaxe de persoal que completa a formación en perspectiva de xénero Meta: 40% do PDI e PAS formado en 3 anos.

## 6.5.- Liña Estratégica 4. Investigación e Innovación como motor de desenvolvemento sostible.

### 6.5.1.- Obxectivo Estratégico 4.1. Ampliar a captación de fondos e facilitar o acceso a proxectos de investigación para todos os grupos da Facultade.

<b>Liña Estratégica 4. Investigación e Innovación como Motor de Desenvolvemento Sostible.</b>	
Obxectivo Estratégico 4.1. Ampliar a captación de fondos e facilitar o acceso a proxectos de investigación para todos os grupos da Facultade.	
<u>Xustificación do obxectivo estratéxico</u>	
<p>A captación de fondos é crucial para garantir a viabilidade da investigación na Facultade. Mentres que os grupos máis grandes teñen unha maior facilidade para acceder a financiamento, os grupos pequenos atopan maiores dificultades. Para equilibrar esta situación e garantir unha investigación de calidade en todas as áreas, é necesario apoiar aos grupos máis pequenos na captación de proxectos de investigación, aproveitando tanto os fondos nacionais como os programas europeos.</p> <p>Relacionado coa liña estratéxica 2 (Formación e Docencia no Novo Contexto) e para garantir unha oferta ampla e diversificada de proxectos de calidade de TFG e TFM, é fundamental mellorar o acceso á financiación para todos os grupos de investigación, facilitando a participación en convocatorias nacionais e internacionais. Desta forma, asegúrase que os estudantes poidan acceder a unha maior variedade de proxectos en áreas emerxentes, incrementando a súa formación investigadora e contribuíndo ao desenvolvemento científico da Facultade.</p>	
Responsable de seguimento: Responsable de Calidade (Pedro Rodríguez Dafonte)	<p>Inicio: Xaneiro de 2026</p> <p>Fin: Decembro de 2026</p>
<p>Acción 4.1.1. Desenvolver un plan de apoio á captación de proxectos para grupos de tamaño medio. Colaborar coa Vicerreitoría de Política Científica no desenvolvemento dun programa específico que ofrezca asesoramento, formación e apoio administrativo aos grupos para mellorar a súa participación en convocatorias de proxectos nacionais e internacionais. A diversificación de liñas temáticas nos TFG e TFM está directamente vinculada á capacidade dos grupos de investigación para captar fondos. Incrementar esta financiación garantizará unha oferta variada e atractiva para o estudantado.</p>	
Responsables de execución: Decano (Jesús Sanmartín Matalobos) e Vicerreitoría de Política Científica	Período de execución: Xaneiro de 2026 - Decembro de 2026
Evidencia Documental: Listado de grupos de menos de 5 investigadores que acceden a financiamento externo.	<p>Indicador: Número de grupos de menos de 5 investigadores que acceden a financiamento externo.</p> <p>Meta: : incremento do 20% por ano.</p>
<p>Acción 4.1.2. Fomentar a participación en proxectos de colaboración internacional. Establecer estratexias para aumentar a presenza da Facultade en proxectos internacionais financiados pola Unión</p>	

Europea, promovendo a colaboración entre grupos internos e externos.	
Responsable de execución: Decano (Jesús Sanmartín Matalobos) e Vicerreitoría de Política Científica	Período de execución: Xaneiro de 2026 - Decembro de 2026
Evidencia Documental: Listaxe de proxectos internacionais liderados ou nos que participen grupos da Facultade	Indicador: Número de proxectos internacionais liderados ou nos que participen grupos da Facultade
	Meta: Incremento de 10% por ano

6.5.2.- Obxectivo Estratégico 4.2. Fomentar a colaboración intergrupar e o uso compartido de infraestruturas para potenciar a investigación en áreas emerxentes e sostibles.

Liña Estratégica 4. Investigación e Innovación como Motor de Desenvolvemento Sostible	
Obxectivo Estratégico 4.2. Fomentar a colaboración intergrupar e o uso compartido de infraestruturas para potenciar a investigación en áreas emerxentes e sostibles	
<u>Xustificación do obxectivo estratégico</u>	
<p>A renovación dos laboratorios e a incorporación de tecnoloxía avanzada son elementos clave para garantir a calidade dos proxectos de investigación e permitir que a Facultade se posicione como un referente en innovación científica, con impacto tanto académico como industrial.</p> <p>A financiación de infraestruturas de investigación procede dos proxectos concedidos aos grupos. A Facultade debe centrarse en fomentar a colaboración intergrupar e o uso compartido de infraestruturas para maximizar os recursos dispoñibles. Estas sinerxías permitirá que os grupos, especialmente os máis pequenos, accedan a equipamentos avanzados e participen en proxectos de investigación de maior escala. Ademais, promover a cooperación entre grupos que traballen en áreas emerxentes como a química verde ou os materiais avanzados facilitará a creación de liñas de investigación con impacto global..</p>	
Responsable de seguimento: Coordinadora de Calidade (Mercedes Parajó Montes)	Inicio: Novembro de 2025 Fin: Decembro de 2026
Acción 4.2.1: Propoñer o uso compartido de infraestruturas entre grupos de investigación. Establecer de xeito voluntario un sistema formal que permita aos grupos pequenos e medianos acceder aos equipos avanzados dispoñibles en outros grupos da Facultade, favorecendo a colaboración intergrupar en proxectos. Ademais, a Facultade participará en convocatorias competitivas para axudas a centros de Infraestruturas de Investigación e Equipamento Científico-Técnico.	
Responsables de execución: Vicedecano (Luis Alberto García Suárez)	Período de execución: Novembro de 2025 – Setembro de 2026
Evidencia Documental: Listaxe de grupos que participan no programa de uso compartido de infraestruturas	Indicador: Número de grupos que participan no programa de uso compartido de infraestruturas Meta: 5% dos grupos pequenos e medianos participando nun prazo de 2 anos.
Acción 4.2.2. Facilitar proxectos colaborativos en áreas emerxentes. Promover proxectos conxuntos entre grupos de investigación de diferentes áreas temáticas que poidan colaborar en proxectos interdisciplinarios en campos como a química verde ou os materiais avanzados.	
Responsables de execución: Responsable de Calidade (Pedro Rodríguez Dafonte)	Período de execución: Decembro de 2025 – Decembro de 2026
Evidencia Documental: Listaxe de proxectos	Indicador: Número de proxectos colaborativos

colaborativos intergrupais en áreas emerxentes	intergrupais en áreas emerxentes
	Meta: 5 proxectos colaborativos creados en 3 anos.

## 6.6.- Liña Estratégica 5. Internacionalización.

### 6.6.1.- Obxectivo Estratégico 5.1. Ampliar a oferta académica en inglés e mellorar a captación de estudantes internacionais

Liña Estratégica 5. Internacionalización.	
<i>Obxectivo Estratégico 5.1. Ampliar a oferta académica en inglés e mellorar a captación de estudantes internacionais.</i>	
<u>Xustificación do obxectivo estratégico</u>	
A mellora dos indicadores de internacionalización precisa reforzar a proxección internacional da Facultade de Química. Unha das vías e mediante a ampliación da oferta de programas e materias en inglés, especialmente en másteres e en áreas científicas de alta demanda. A docencia en inglés é clave para atraer a máis estudantes estranxeiros e fortalecer a competitividade da Facultade no panorama global.	
Responsable de seguimento: Responsable de Calidade (Pedro Rodríguez Dafonte).	Inicio: Xaneiro de 2026 Fin: Decembro de 2026
Acción 5.1.1. Ampliar a oferta de materias en inglés nos programas de grao e máster. Identificar áreas de alta demanda e materias clave para ser impartidas en inglés, especialmente nos programas de máster nas materias de investigación avanzada.	
Responsables de execución: Coordinador do Master en Investigación Química e Química Industrial (Jesús Sanmartín Matalobos) e Coordinador do Máster en Química Orgánica (Jesús Varela Carrete).	Período de execución: Xaneiro de 2026 - Decembro de 2026
Evidencia Documental: Listado de materias en inglés ofertadas nos mestrados.	Indicador: Número de materias en inglés ofertadas nos mestrados. Meta: Incremento de 25%/ano
Acción 5.1.2. Desenvolver estratexias de captación de estudantes internacionais. Colaborar con axencias de intercambio internacional e mellorar a visibilidade da Facultade en eventos e feiras educativas internacionais.	
Responsable de execución: Oficina de Relacións Internacionais	Período de execución: Xaneiro de 2026 - Decembro de 2026
Evidencia Documental: listado de estudantes internacionais matriculados	Indicador: Número de estudantes internacionais matriculados Meta: incremento do 10%/ano

### 6.6.2.- Obxectivo Estratégico 5.2. Fortalecer a colaboración con universidades portuguesas e promover novos programas de dobre titulación.

Liña Estratégica 5. Internacionalización.	
<i>Obxectivo Estratégico 5.2. Fortalecer a colaboración con universidades portuguesas e promover novos programas de dobre titulación.</i>	
<u>Xustificación do obxectivo estratégico</u>	
A Facultade mantén lazos sólidos con universidades portuguesas, tanto a nivel de investigación como de intercambio de estudantes. Potenciar estas colaboracións e desenvolver novos programas de dobre titulación con universidades de Portugal e Europa permitirá mellorar a visibilidade internacional e fortalecer o intercambio académico e científico.	
Responsable de seguimento: Responsable de Calidade (Pedro Rodríguez Dafonte)	Inicio: Xaneiro de 2026
	Fin: Decembro de 2026
Acción 5.2.1. Ampliar as colaboracións con universidades portuguesas e europeas: Establecer novos convenios e fortalecer os existentes para facilitar o intercambio de estudantes e profesores, así como a realización de proxectos de investigación conxuntos.	
Responsables de execución: Decano (Jesús Sanmartín Matalobos)	Período de execución: Xaneiro de 2026 - Decembro de 2026
Evidencia Documental: Listado de convenios de colaboración con universidades portuguesas e europeas	Indicador: Número de convenios de colaboración con universidades portuguesas e europeas
	Meta: incremento do 15% en 3 anos.
Acción 5.2.2. Iniciar o proceso de creación de novos programas de dobre titulación en colaboración con universidades estranxeiras. Propoñer unha declaración de intencións para implementar programas de dobre titulación en colaboración con universidades europeas, especialmente en áreas de investigación avanzada como a nanotecnoloxía e a química de materiais.	
Responsable de execución: Decano (Jesús Sanmartín Matalobos)	Período de execución: Xaneiro de 2026 - Decembro de 2026
Evidencia Documental: Listaxe de programas de dobre titulación creados	Indicador: Número de novos programas de dobre titulación creados
	Meta: creación de 1 programa en 3 anos.

## 7.- Desenvolvemento do Plan Estratégico (PE)

### 7.1.- Comisión ou grupo de traballo responsable da elaboración do PE.

O grupo de traballo, seguindo o proceso PE-01 (Planificación Estratégica), responsable da elaboración do PE está constituída polo equipo de dirección e a Coordinadora de Calidade. Polo tanto a composición do grupo de traballo é a seguinte:

- Decano: Jesús Sanmartín Matalobos.
- Secretaria de Facultade: M<sup>a</sup> Carmen Barciela Alonso.
- Vicedecano: Luís Alberto García Suárez.
- Vicedecano e responsable de calidade: Pedro Rodríguez Dafonte.
- Coordinadora de calidade: María Mercedes Parajó Montes

### 7.2.- Participación dos grupos de interese na elaboración do PEC.

Os grupos de interese (GI) do centro participaron na elaboración do PE de acordo co proceso PE-01 (Planificación Estratégica). Os GI están constituídos polo estudantado, persoal docente e investigador e persoal técnico, de xestión e administración e servizos. Os grupos participan a través da Comisión de Calidade do Centro e están representados na Xunta de Facultade. Tamén se recolle información destes colectivos a través do procedemento PS-05 (Xestión de incidencias (SQR)) e das enquisas realizadas. O equipo de dirección forma parte de todos os órganos de decisión da Facultade e tamén está representado nos órganos de decisión da universidade.

A versión inicial do plan foi aprobado pola CCC o 26 de novembro de 2024, asegurando a participación e información dos grupos de interese internos. De acordo co proceso PS-06 (Información pública), o Plan Estratégico da Facultade de Química fíxose público, na súa versión inicial, do 27 de novembro de 2024 ata o 8 de xaneiro de 2025. e tivo difusión entre os diferentes grupos de interese. O PE remitiuse á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización que emitiu un informe, a través da súa sección de calidade das titulacións e dos centros, indicando unha revisión conforme con algunhas observacións. O informe técnico foi recibido o 4 de decembro de 2024. Unha vez realizados o axustes necesarios a Xunta de Facultade aprobou o documento de PE (15 de xaneiro de 2025). A aprobación en Xunta de Facultade foi comunicada á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización co obxecto de que a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno informe sobre o PE. Este informe foi comunicado ao centro (XXXX) sendo entón considerada como aprobación definitiva do Plan Estratégico O PE foi difundido a través de diferentes medios e está dispoñible na páxina web de Facultade. (no caso de que a CCPdCG formule recomendacións será preciso realizar



os axustes necesarios, aprobalos de novo na Xunta de Centro e volver a enviar o texto para a súa consideración pola CCPdCG)